

Asunto: **Estratexia TIC na Educación galega**

Reunión: 22 de febreiro de 2008

## DEFICIENCIAS

Comunidade e o profesorado observan as seguintes deficiencias en materia TIC no ensino galego:

- Herdanzas de políticas anteriores baseadas en pagamentos por **licenzas**.
- Non hai seguimento decidido cara a adopción de **estándares abertos** (UE, PEGSI)
- **Fuga de capitais** polo pagamento de licenzas a empresas foráneas.
- Non se está a cumprir o **PEGSI** en materia TIC agás, con matizacións, nos servizos centrais.
- Heteroxeneidade de estratexias e actuacións a diferentes niveis.
- Escaseza de persoal no SIEGA, só 20 técnicos. Imaxinemos unha empresa cuns 40.000 empregados, canto persoal está adicado aos sistemas e información? Abondaría con vinte?
- Quen é o persoal TIC nos centros? É adecuado que non sexan profesionais TIC?
- Non está na actuación da Consellería favorecer a pirataría e os estándares propietarios pero está a acontecer e sen remedio aparente a curto prazo (fuga de capitais).
- Non se está a cumprir o acordo de goberno de 2005 en materia TIC agás, con matizacións, nos servizos centrais.
- (...)

## SOLUCIÓN

Comunidade e o profesorado propoñen as seguintes solucións:

- Analizar os exemplos de Estremadura ou Andalucía en materia de implantación de estándares abertos, independencia tecnolóxica, aforro económico por licenzas, xeración de emprego endóxico, libre transmisión do coñecemento e, en resumo, ética educativa e política. Sen ir tan lonxe, temos o noso caso de éxito no aforro económico na plataforma PLATEGA.
- Xerar un **Plan de Actuación** que implique *de facto*:
  - Análise funcional cara a **estandarización, homoxeneización de estratexias TIC nos centros e independencia tecnolóxica**.
  - Multidepartamental, con compromisos firmes e consolidados das partes implicadas.
  - **Seguimento** que evite a distorsión na interpretación dos obxectivos a acadar

- Dotar de **recursos** adecuados. O aforro resultante sufraga con creces o esforzo inicial.
- Reconversión do actual Plan de Formación cara a consecución de resultados en función dos seus perfís e das súas responsabilidades TIC nos centros.
- Cumprimento estrito da súa axenda
- Aproveitar as sinerxias do trinomio "Contidos educativos + sistemas + centros PTIC"
- Crear un responsable TIC con titulación técnica que atenda un axeitado número de centros.

ACTUACIÓNS URXENTES
---------------------

Comunidade e o profesorado consideran urxente:

- Incrementar o número de **persoal TIC no SIEGA** e o persoal técnico nos centros
- Concretar a distribución de **Software Libre** elixida para o ensino
- Promover un Sistema de Información Base Común para todos os centros que favoreza a colaboración e o soporte entre o profesorado
- Concienciar sobre as bondades dos **estándares abertos**, o Software Libre e maila libre transmisión do coñecemento como **ética** educativa.

Asistentes: Benjamín Lois, Carlos Carrión, Manuel Morán e Roberto Brenlla.